

Expediente: CON2022000019

Referencia interna: 2022/00020751J -

Obras de pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña

Tipo de contrato: Obras **Procedemento:** Abierto

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 13 de xuño de 2022 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación do expediente **denominado** “Obras de pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña”

A proposta é do seguinte teor literal:

Paz Filloy Mato, xefa do Servizo de Contratación, consonte aos termos establecidos no artigo 175 Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais **INFORMO::**

ANTECEDENTES:

1. Con data 30/03/2022, o enxeñeiro de camiños municipal, da Área IX- Medio Rural emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación da “Obras de pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña”, proxecto aprobado pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 30/04/2021.
2. Con data 28/04/2022 o concelleiro delegado de medio rural formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.
3. Con data 02/05/2022, a concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local resolveu iniciar o expediente proposto, ao que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.
4. Con data 06/05/2022, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conclúe que *“o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que, unha vez fiscalizado pola Intervención municipal, a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela*

acordará, consonte o disposto no artigo 117 da LCSP, aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto e dispoñer o inicio do procedemento de adxudicación”.

5. Con data 01/06/2022 emítase o correspondente informe favorable da Asesoría Xurídica Municipal cunha serie de observacións

6. Con data 06/06/2022 a xefe de servizo de contratación emite informe, atendendo as observacións do informe de Asesoría Xurídica.

CONSIDERACIÓNS

Tendo en conta a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas nos anteriores informes, a concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019 procede a realizar á Xunta de Goberno local da cidade de Santiago de Compostela a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente **denominado** “Obras de pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento** aberto, establecéndose un tipo de licitación de 67.595,99 euros, IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 14.195,16 euros.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (Código de Proxecto: 2021 2 PPROV 35 8 INVESTIMENTOS DEPUTACION).

A actuación prevista no proxecto constructivo foi incluída polo Concello de Santiago de Compostela, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 30/04/2021 no Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña.

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal con nº de referencia 2022/670 e con resultado Fiscalización de conformidade.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente **denominado** “Obras de pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña” e a apertura do procedemento de adxudicación

mediante **procedemento** aberto, establecéndose un tipo de licitación de 67.595,99 euros, IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 14.195,16 euros.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (Código de Proxecto: 2021 2 PPROV 35 8 INVESTIMENTOS DEPUTACION).

A actuación prevista no proxecto constructivo foi incluída polo Concello de Santiago de Compostela, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 30/04/2021 no Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña.